

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E CAMIÑO ESCENA NORTE AIE PARA O DESENVOLVEMENTO EN GALICIA DO PROGRAMA DE INTERCAMBIO CULTURAL "CAMIÑO ESCENA NORTE"**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) ten previsto formalizar con Camiño Escena Norte AIE o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o **10 de decembro de 2019**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste convenio é o desenvolvemento do programa Camiño Escena Norte en Galicia, que se concreta na programación de oito funcións de compañías de artes escénicas procedentes de Asturias, Cantabria e País Vasco, baixo a denominación "Itinerario Constelacións", que se poderán ver en diferentes espazos escénicos galegos dende o 22 de setembro ao 13 de outubro de 2019, e a realización, baixo a denominación de "Habitación Peregrina PRO" da residencia artística que o Salón Teatro de Santiago de Compostela acollerá, entre o 1 e o 8 de setembro, coa participación da compañía galega Urdime e a asturiana El Callejón del Gato dentro da programación expandida con que se complementa o programa.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Camiño Escena Norte é un proxecto froito da unión estratéxica das asociacións profesionais de produción escénica das comunidades do norte polas que transcorre o Camiño do Norte: Galicia, Asturias, Cantabria e País Vasco, que aglutinan a un centenar de compañías produtoras de teatro, títeres, danza e novo circo reflexo da enorme calidade, variedade e diversidade das artes escénicas galegas, asturianas, cántabras e vascas.

Camiño Escena Norte articúlase ao redor dun itinerario de intercambio cultural entre estas comunidades ofrecendo un "camiño escénico" dende o que amosar a diversidade cultural, lingüística e de formatos e linguaxes escénicas da produción escénica galega, asturiana, cántabra e vasca. Un proxecto que suma á súa vertente cultural a dinamización social e turística e de intercambio entre as catro comunidades autónomas participantes, cunha intensa programación escénica que pretende ademais multiplicar as posibilidades de relación co público con actividades de encontro e reflexión, de creación ou de participación. Entre setembro e outubro, un itinerario de funcións de teatro, danza, monicreques e novo



circo percorrerán os catro territorios, complementada cunha extensa programación expandida coa intención de mostrar o mellor das artes escénicas de cada un dos territorios participantes.

Galicia súmase a este programa de intercambio cultural acollendo un itinerario de funcións do mellor das artes escénicas asturianas, cántabras e vascas e cun programa de residencias e acollida a compañías deses territorios para explorar as posibilidades de futuras coproducións, realizar intercambios de formación e coñecer a realidade profesional doutros creadores.

A Agadic e a entidade consideran esencial o establecemento de accións conxuntas durante 2019 que profundicen na promoción e potenciación do sector teatral a través da colaboración neste evento, que destaca pola súa aposta por acadar unha maior interacción entre profesionais e público dos distintos territorios que atravesará a ruta histórica do Camiño do Norte, que debe derivar, de certo, nunha maior riqueza na oferta cultural para os espectadores, que poden ter acceso, así, a producións escénicas doutros territorios, e enriquecendo deste xeito a proposta cultural do Camiño á vez que o potencia como destino turístico-cultural.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

